

OLAAAA!! COMO ANDADES? QUE GANIÑAS DE VERVOS...

MENTRES, PARA NON ESQUECER ALGUNHAS COUSAS QUE FOMOS PRACTICANDO, VOUVOS DEIXAR UN ENLACE DUN VIDEO DO CONTO DA SEÑORA LINGUA E UN GUSANIÑO MOI PILLO . NA CLASE CONTEIVOLO EU, E CANTO VOS GUSTOU Á MAIORÍA DE VÓS!! ESPERO QUE O DISFRUTEDES:

<https://www.youtube.com/watch?v=imz9li3vhTs>

DE CANDO EN VEZ, A SEÑORA LINGUA TEN QUE LIMPAR A SÚA CASIÑA, ASÍ QUE TEN QUE MOVERSE DE DISTINTAS MANEIRAS:

- MOVÉNDOA POUQUIÑO DE ESQUERDA A DEREITA, NA MANDÍBULA INFERIOR. (LIMPA O CHAN)
- LEVANTÁNDOA CARA O CEO DA BOCA (LIMPA O TEITO)
- TOCANDO OS LATERAIS DA BOCA (LIMPA OU PINTA DOUTRA COR AS PAREDES DA SÚA CASA )
- SACANDO A LINGUA E PASÁNDOA POLO LABIO INFERIOR (LIMPA A ENTRADA)
- SACANDO A LINGUA E PASÁNDOA POLO LABIO SUPERIOR (LIMPA O PORCHE)
- SACANDO A LINGUA E MOVENDO A DE ARRIBA A ABAIXO (SACUDE O FELPUDO)

AH! TAMÉN PODEDES PROBAR A TOCAR O NARIZ COA LINGUA!!! QUE O INTENTEN TAMÉN TODOS OS DA CASA! QUEN O CONSIGUE??

\*TODOS ESTES EXERCICIOS PODEDES FACelos CANTAS VECES QUEIRADES E, INCLUSO, INVENTAR OUTROS NOVOS... OCORRÉSEVOS COMO LLE PODEN AXUDAR OS DENTES Á SEÑORA LINGUA???

